

2

empregoetecidoempresarial

# 2

O dinamismo da actividade económica galega ao longo do ano 2006 tivo a súa incidencia directa no mercado de traballo, se ben hai que destacar que non todo o incremento do PIB se trasladou ao mercado laboral. O número de persoas afiliadas á Seguridade Social medrou un 3,5% e o das persoas ocupadas un 3%, sendo a medra do PIB real do 4,1%. Ao mesmo tempo, cómpre matizar estes datos sinalando que no conxunto do Estado, cunha taxa de crecemento do PIB lixeiramente por baixo da media galega, experimentou unha creación de emprego moi superior: 4,3% no caso das afiliacións á Seguridade Social e 4,5% no das ocupacións.

A pesar desta dificultade da economía galega para crear emprego en comparación co conxunto do Estado, os datos da EPA reflicten un comportamento positivo do mercado laboral galego xa que ao longo do ano 2006 se produciu unha medra das taxas de ocupación e actividade, así como un descenso da taxa de desemprego. Dunha banda, a taxa de ocupación, tras unha medra de 1,3 puntos, situouse no 49,1%. Doutra, a taxa de actividade experimentou un crecemento máis moderado (seis décimas), para situarse no 53,6%.

A creación de emprego en Galicia ven explicada en parte polo comportamento do emprego feminino (máis do 80% dos novos ocupados son mulleres), baseándose no carácter asalariado. Con todo, cómpre facer notar o distinto comportamento producido no caso dos homes e das mulleres, xa que aínda que a taxa de crecemento dos contratos totais é superior no caso da mulleres, isto é debido á súa elevada medra do número de contratos temporais: 14,1% (descenden un 0,8% no caso dos homes). Asemade, tal e como indica a EPA, os contratos de duración indefinida medran un 6,3% no caso dos homes, oito décimas por riba da experimentada polas mulleres.

Outro dato positivo do mercado de traballo galego no ano 2006 é que a probabilidade de emprego en Galicia, calculada coma a relación entre o incremento de emprego e o stock inicial de parados máis a variación de activos e a destrución de emprego, situouse por riba da media estatal. En Galicia esta ratio ascende ata o 30,7% mentres que no conxunto do Estado acada o 29,1%.

No que ao desemprego se refire, a taxa de paro estimada en Galicia para 2006 descendeu case un punto porcentual e medio, situándose nese ano no 8,5%. É sorprendente o feito de que no último ano a taxa de paro feminina se situase lixeiramente por baixo da media estatal (11,4% e 11,6%, respectivamente) cando no ano 2005 a taxa de desemprego en Galicia era do 13,5%, un punto e tres décimas por riba da media de España.

O paro rexistrado nas oficinas de emprego volveu a experimentar no ano 2006 unha caída superior á da media estatal: 6,3% e 1,5%, respectivamente. A pesar do devandito descenso, que se produce nas catro provincias galegas e en todos os sectores considerados, o paro rexistrado segue presentando unha elevada importancia relativa no conxunto do Estado, 7,9%, moi por riba dos pesos relativos do PIB, 5,1%, das persoas afiliadas á Seguridade Social, 5,6%, ou da poboación, 6,1%.

A sinistralidade laboral segue sendo un grave problema do mercado de traballo. No último ano, se ben descende o número de accidentes graves e mortais, medra novamente o número de accidentes laborais con baixa en xornada de traballo.

Finalmente, cómpre facer notar que ao longo do ano 2006, o número de sociedades mercantís creadas medrou en Galicia un 4,6% para situarse nas 6.977 empresas. O capital subscrito e desembolsado medrou un 3,8% respecto ao do ano anterior, acadando os 405.325 e 387.281 millóns de euros, respectivamente.

# 2.1.

## emprego

Ao longo do ano 2006, a pesar do forte dinamismo da actividade económica, non todo o crecemento do PIB (4,1%) se trasladou ao mercado de traballo, que rexistra un incremento do 3,5% do número de persoas afiliadas á Seguridade Social (2,8% en 2005) e do 3,0% no caso das persoas ocupadas segundo as estimacións da EPA. Neste senso, salienta o feito de que Galicia, cun crecemento do PIB real dúas por riba do experimentado no conxunto do Estado, presenta unha medra do emprego inferior, xa que en España as afiliacións medran un 4,3% e a poboación ocupada, un 4,1%.

Ao igual que en anos anteriores, cómpre salientar o desigual comportamento entre os sectores primarios e os non primarios. Por un lado, continúa a acusada destrución de emprego no sector primario e o crecemento nos casos da construción e dos servizos. Por outro, a diferenza do estimado pola EPA, no último ano prodúcese unha medra do número de persoas afiliadas nas ramas industriais.

Tanto a información recollida na EPA como a do paro rexistrado sinalan a redución do paro en Galicia en 2006, sendo este moito máis acusado que no conxunto do Estado. Con todo, os datos que explican esta tendencia positiva habería que tomalos con cautela dada a importante diferenza entre as dúas fontes. Dunha banda, a EPA estima que o número de persoas desempregadas descendeu un 13,6% en relación ao ano anterior (3,9% no conxunto do Estado) e doutra, os datos das oficinas de emprego reflicten un descenso do número de persoas desempregadas do 6,3% (1,5% de media en España). Asemade, esta cautela é necesaria dado o importante diferencial entre o paro rexistrado e o paro estimado: mentres que en Galicia o paro rexistrado é un 50% máis elevado que o paro estimado, no conxunto do Estado este diferencial é do 11%. Tras esta evolución, a taxa de paro estimada pola EPA en Galicia situouse en 2006 ao mesmo nivel que a estimada no conxunto do Estado: 8,5%.

O ano 2006 volve a rexistrar unha medra do número de accidentes laborais con baixa en xornada de traballo, se ben esta medra foi inferior á rexistrada no ano anterior. No último ano, o número de accidentes en Galicia situouse nos 48.578 accidentes, e o índice de incidencia laboral nos 57,3 accidentes por cada mil afiliacións a réximes da Seguridade Social coa continxencia de accidentes de traballo efectivamente cuberta, punto e medio por baixo da media estatal.

### Datos de emprego da Seguridade Social

O forte dinamismo da economía galega ao longo do ano 2006 levou asociado unha medra do 3,5% do número de traballadores en alta laboral afiliados á Seguridade Social, que se situou nas 1.032.531 persoas. Como reflicte o **cadro 1.6.1**. [*Participación da produción, a poboación e o*

**Traballadores en alta laboral 2005-06<sup>(1)</sup>: distribución segundo réximes**

	2005				
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Réxime Minería do Carbón	89	89	-	-	-
Réxime Xeral	711.283	303.066	76.240	72.900	259.077
Réxime Especial Agrario	58.612	20.556	21.741	5.995	10.320
Réxime Especial Empregados Fogar	17.524	7.188	2.375	2.639	5.322
Réxime Especial Autónomo	181.902	73.268	23.091	23.630	61.913
Réxime Especial do Mar	28.335	7.219	2.280	-	18.836
<b>Total</b>	<b>997.745</b>	<b>411.386</b>	<b>125.727</b>	<b>105.164</b>	<b>355.468</b>
	2006				
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Réxime Minería do Carbón	74	74	-	-	-
Réxime Xeral	744.816	317.419	80.032	75.862	271.503
Réxime Especial Agrario	55.405	19.651	20.638	5.502	9.614
Réxime Especial Empregados Fogar	18.874	7.691	2.592	2.789	5.802
Réxime Especial Autónomo	186.200	75.061	23.561	23.952	63.626
Réxime Especial do Mar	27.163	6.963	2.207	-	17.993
<b>Total</b>	<b>1.032.532</b>	<b>426.859</b>	<b>129.030</b>	<b>108.105</b>	<b>368.538</b>
	2006/05				
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Réxime Minería do Carbón	-16,9	-16,9	0,0	0,0	0,0
Réxime Xeral	4,7	4,7	5,0	4,1	4,8
Réxime Especial Agrario	-5,5	-4,4	-5,1	-8,2	-6,8
Réxime Especial Empregados Fogar	7,7	7,0	9,1	5,7	9,0
Réxime Especial Autónomo	2,4	2,4	2,0	1,4	2,8
Réxime Especial do Mar	-4,1	-3,5	-3,2	-	-4,5
<b>Total</b>	<b>3,5</b>	<b>3,8</b>	<b>2,6</b>	<b>2,8</b>	<b>3,7</b>

(1) en medias anuais  
 Fonte: IGE, Afiliacións á Seguridade Social

### ○ 2.1.1.

*emprego galego no total español 2001-06*], a importancia relativa destas afiliacións no total estatal segue coa súa lixeira tendencia descendente, representando no último ano o 5,55% (5,78% no ano 2001).

Setenta e dous de cada cen traballadores afiliados en alta laboral o estaban no réxime xeral e dezaioito de cada cen, no réxime especial de autónomos. O **cadro 2.1.1.** indica que o número de afiliados no réxime xeral ascendeu a 744.816 persoas, 33.533 afiliados máis que no ano anterior (4,7%), e 186.200 traballadores ao réxime especial de autónomos, 4.298 afiliados máis (2,4%).

Un ano máis, volve a descender o número de persoas en alta laboral afiliadas ao réxime especial agrario (REA) e ao réxime especial do mar (REM). No primeiro caso, esta redución foi do 5,5% (3.207 traballadores), e no segundo, do 4,1% (1.172 afiliados), acadando as 55.405 e 27.163 afiliacións, respectivamente. A importancia relativa das afiliacións no REA no volume total de afiliacións galegas reduciuse ata o 5,4% (cinco décimas menos que en 2005) e a do REM ata o 2,6% (dúas décimas inferior á obtida no ano anterior).

O incremento nas afiliacións volve a rexistrarse en Galicia nas catro provincias. Das novas 34.787 afiliacións, 15.473 (o 44,5%) corresponden á provincia de A Coruña; 13.070, a Pontevedra (37,6%); 3.303 afiliacións, a Lugo (9,5%); e 2.941, a Ourense (8,5%). Tras estes incrementos, o número de traballadores afiliados en alta laboral na Seguridade Social en A Coruña acadou as 426.859 persoas, ascendendo ata os 368.538 traballadores en Pontevedra, e aos 129.030 e 108.106 afiliados en Lugo e Ourense, respectivamente.

No que atinxe á distribución sectorial dos traballadores afiliados á Seguridade Social, **cadro 2.1.2.**, ao igual que nos anos anteriores, prodúcese unha medra nos sectores servizos e construción, descendendo as afiliacións no sector primario. A diferenza do acontecido no ano anterior, onde o número de afiliacións no conxunto das ramas industriais mantívose practicamente cons-

**Traballadores afiliados en alta laboral na Seguridade Social 2005-06<sup>(1)</sup>: distribución segundo ramas de actividade**

	2005		2006		06/05	
	(número)	(% / total)	(número)	(% / total)	(número)	(%)
<b>Sector primario</b>	93.600	9,4	89.537	8,7	-4.063	-4,3
Agricultura, gandería, caza e act dos servizos relacionados	65.163	6,5	62.287	6,0	-2.876	-4,4
Silvicultura, explotación forestal e act dos servizos relacionados	1.675	0,2	1.625	0,2	-50	-3,0
Pesca, acuicultura e act. dos servizos relacionados	26.762	2,7	25.625	2,5	-1.137	-4,2
<b>Industria</b>	164.405	16,5	167.236	16,2	2.831	1,7
Minaría enerxética	218	0,0	244	0,0	26	11,9
Minaría non enerxética	6.383	0,6	6.378	0,6	-5	-0,1
Alimentación	26.411	2,6	26.926	2,6	515	1,9
Téxtil, confección e coiro	19.129	1,9	18.634	1,8	-495	-2,6
Madeira	13.579	1,4	13.712	1,3	133	1,0
Papel e edición	7.889	0,8	7.996	0,8	107	1,4
Refinado do petróleo	669	0,1	712	0,1	43	6,4
Química	3.831	0,4	3.858	0,4	27	0,7
Caucho e plástico	3.679	0,4	4.189	0,4	510	13,9
Produtos minerais non metálicos	12.156	1,2	12.313	1,2	157	1,3
Metalurxia e produtos metálicos	21.959	2,2	23.227	2,2	1.268	5,8
Maquinaria	5.546	0,6	5.889	0,6	343	6,2
Material eléctrico e óptico	6.136	0,6	5.766	0,6	-370	-6,0
Material de transporte	24.683	2,5	25.202	2,4	519	2,1
Fabricación de mobles	7.286	0,7	7.466	0,7	180	2,5
Reciclaxe	576	0,1	696	0,1	120	20,8
Electricidade, gas, auga	4.275	0,4	4.028	0,4	-247	-5,8
<b>Construción</b>	127.522	12,8	134.437	13,0	6.915	5,4
<b>Servizos</b>	612.220	61,4	641.321	62,1	29.101	4,8
Venda e reparación vehículos, gasolinas	26.303	2,6	26.872	2,6	569	2,2
Comercio por xunto e interm. agás veh. motor	54.399	5,5	56.062	5,4	1.663	3,1
Comercio polo miúdo agás veh. motor; repar. ef. pers.	107.368	10,8	111.188	10,8	3.820	3,6
Hostalería	61.488	6,2	64.139	6,2	2.651	4,3
Transporte; act. anexas ao transporte e act. axencias viaxe	44.193	4,4	46.200	4,5	2.007	4,5
Correos e telecomunicacións, intermediación financeira	26.967	2,7	27.790	2,7	823	3,1
Actividades inmobiliarias	7.525	0,8	8.530	0,8	1.005	13,4
Alugueiro maquinaria e equipo sen operario, de efectos persoais e utensilios domésticos	2.659	0,3	2.813	0,3	154	5,8
Actividades informáticas e I+D	5.714	0,6	6.362	0,6	648	11,3
Outras actividades empresariais	72.113	7,2	79.352	7,7	7.239	10,0
Adm. pública, defensa nacional e seguridade social	65.720	6,6	67.352	6,5	1.632	2,5
Educación	26.559	2,7	27.805	2,7	1.246	4,7
Act. sanitarias e veterinarias, servizos sociais; act. saneamento público	54.378	5,5	57.182	5,5	2.804	5,2
Fogares e outros	56.834	5,7	59.674	5,8	2.840	5,0
<b>Total</b>	997.747	100	1.032.531	100	34.784	3,5

(1) en medias anuais  
Fonte: IGE, Afiliacións á Seguridade Social

○ 2.1.2.

tante, este descende en 2006 un 1,7%.

Seis de cada dez afiliados á Seguridade Social o están nas actividades pertencentes ao sector servizos. Tras unha medra de 29.101 afiliacións, un 4,8% en relación ao ano anterior, o número persoas afiliadas acadou os 641.321 traballadores. As actividades máis importantes, en canto ao número de afiliacións se refire, son as de “comercio polo miúdo agás vehículos de motor”, que acolle o 17,3% das afiliacións do sector, as de “outras actividades empresariais”, cun 12,4% das afiliacións e as de “administración pública, defensa nacional e seguridade social” e hostalería, que acollen o 10,5% e 10% dos traballadores afiliados, respectivamente.

O número de persoas afiliadas nas ramas industriais situouse no último ano nas 167.236, 2.831 afiliacións máis que no ano anterior. Non obstante, a pesar desta evolución positiva, hai que salientar como feito negativo que este incremento se produce maiormente en ramas de nivel tecnolóxico baixo ou medio baixo (minerais, metálicos, alimentación, madeira) e en menor medida, en ramas de contido tecnolóxico alto ou medio alto (automoción, naval, química). As actividades máis importantes son as relacionadas coa alimentación e bebidas e co material de transporte, que representan o 16,1% e o 15,1%, respectivamente, das afiliacións neste sector.

Pola súa banda, a construción presenta un 2006 unha medra de case sete mil afiliacións, situándose nas 134.437 persoas afiliadas (un 5,4% máis que no ano precedente).

As ramas de actividade englobadas no sector primario volveron a presentar un descenso no número de traballadores afiliados á Seguridade Social, sendo esta caída novamente máis acusada que a rexistrada no ano anterior. As afiliacións neste sector acadaron as 89.537 persoas, 4.063 afiliacións menos que en 2005 (4,3% menos que no ano anterior), das que case o 70% corresponden ás actividades agrícolas e gandeiras, e un 28,6%, ás actividades pesqueiras.

### Emprego segundo a EPA

A pesar de que o crecemento do PIB non se trasladou totalmente ao emprego, os principais indicadores do mercado de traballo reflicten o incremento das taxas de ocupación e actividade e o descenso da taxa de desemprego. Segundo os datos da EPA, no ano 2006 a taxa de emprego situouse, en promedio, no 49,1%, cunha medra real de 1,3 puntos. Pola súa banda, a taxa de paro estimada experimentou unha caída de 1,4 puntos, para situarse no 8,5%. A taxa de actividade medrou dun xeito máis moderado, en torno ás seis décimas, o que contribuíu á devandita redución da taxa de desemprego.

A evolución do mercado laboral galego ven explicada, en parte polo comportamento do emprego feminino. Mentres que dos 34.100 novos ocupados, 28.600 son mulleres (o 83,9%), da redución de 17.000 desempregados en relación ao estimado en 2005, máis de 9.000 foron mulleres. Asemade, fronte á caída do número de persoas activas no caso dos homes, o número total de mulleres activas aumentou en 19.600 persoas. Con todo, como indica o **cadro 2.1.3.**, se mantén o problema de que os devanditos indicadores de ocupación e actividade seguen estando moi por baixo dos correspondentes aos homes, e os de desemprego, moi por riba.

A ocupación media estimada en Galicia acadou en 2006 as 1.16.200 persoas, das que 661.400 persoas son homes e 502.800, mulleres. Comparado co total estatal, Galicia acolle o 5,9% da poboación ocupada en España, sendo estas porcentaxes do 5,6% no caso dos homes e do 6,3% no das mulleres. Como reflicte o **cadro 2.1.3.**, a taxa de ocupación en Galicia é inferior, tanto no caso dos homes como das mulleres, á media estatal.

A composición sectorial do emprego en Galicia no ano 2006 indica que o sector servizos acolle a seis de cada dez persoas ocupadas, fronte aos 18,4% da industria e en torno ao 12% da construción. A pesar de que no sector primario están ocupados menos do 10% da poboación ocupada de Galicia, cómpre salientar a súa importancia relativa no total estatal, ao acoller o 11,7% do total de persoas ocupadas en España neste sector.

Atendendo á desagregación segundo ramas de actividade, a poboación ocupada no subsector de “agricultura, gandería, caza e silvicultura” situouse nas 83.00 persoas, en tanto que a ocupación na pesca e piscicultura acendeu a 27.900. No sector industrial, as ramas relacionadas coas industrias de produtos alimenticios, bebidas e tabaco e co subsector téxtil, coiro, calzado e confeccións téxtis acollen o 30,9% da ocupación industrial (39.900 e 25.300 ocupados, respectivamente). A actividade máis importante do sector servizos, no que ao número de ocupados se refire, é a correspondente ao comercio por xunto e polo miúdo, que acolle o 20,8% do emprego no sector (151.900 persoas).

A creación de emprego baseouse no carácter asalariado, con case cincuenta mil traballadores máis, sendo a medra máis acusada no caso das mulleres, cun incremento de 30.700 persoas. Tras esta evolución, o número medio de asalariados en Galicia foi de 890.700 miles de persoas, dos que o 56,8% son homes.

No que atinxe aos traballadores por conta propia, tras unha caída de case quince mil ocupados, este acadou no último ano os 272.800 persoas, das que 249.400 ocupados son empresarios ou membros de cooperativas, e 23.300 corresponden ás axudas familiares. Comparado co ano anterior, cómpre salientar que a devandita caída ven explicada polo descenso estimado nas categorías denominadas axudas familiares (11.800 persoas) e empresarios sen asalariados ou traballadores dependentes (7.400 ocupados menos), mentres que medra o número de empregadores (4.200 persoas máis). Ao contrario do que acontece no caso dos empresarios ou membros de cooperativas, onde o 58,4% son homes, máis de seis de cada dez persoas con axudas familiares son mulleres.

**Poboación maior de 16 anos en Galicia e España 2006: distribución segundo sexo e a súa relación coa actividade económica**

**Ambolos dous sexos**

	Poboación > 16 anos	Activos	Ocupados	Parados	na procura 1º emprego	Inactivos	Taxa actividade	Taxa ocupación (%)	Taxa paro
<b>Galicia</b>	2.372,7	1.272,1	1.164,2	107,8	12,9	1.100,7	53,6	49,1	8,5
<b>A Coruña</b>	972,8	538,6	494,0	44,6	5,6	434,2	55,4	50,8	8,3
<b>Lugo</b>	310,8	150,7	140,6	10,1	1,5	160,1	48,5	45,2	6,7
<b>Ourense</b>	293,2	141,3	128,5	12,8	1,8	152,0	48,2	43,8	9,0
<b>Pontevedra</b>	795,9	441,5	401,2	40,4	4,0	354,4	55,5	50,4	9,1
<b>España</b>	37.008,0	21.584,8	19.747,7	1.837,1	206,7	15.423,2	58,3	53,4	8,5
								(%)	
<b>Galicia / España</b>	6,4	5,9	5,9	5,9	6,2	7,1			
<b>Galicia 06/05</b>	0,3	1,4	3,0	-	13,6	-	33,5	-	0,9
<b>España 06/05</b>	1,6	3,4	4,1	-	3,9	-	16,2	-	0,7

**Varóns**

	Poboación > 16 anos	Activos	Ocupados	Parados	na procura 1º emprego	Inactivos	Taxa actividade	Taxa ocupación (%)	Taxa paro
<b>Galicia</b>	1.132,3	704,2	661,4	42,9	4,6	428,1	62,2	58,4	6,1
<b>A Coruña</b>	470,7	296,3	277,8	18,6	2,0	174,3	63,0	59,0	6,3
<b>Lugo</b>	145,5	83,0	79,1	4,0	0,5	62,4	57,1	54,4	4,8
<b>Ourense</b>	136,7	77,3	72,3	5,0	0,7	59,5	56,5	52,9	6,4
<b>Pontevedra</b>	379,5	247,6	232,2	15,4	1,3	131,9	65,2	61,2	6,2
<b>España</b>	18.133,1	12.534,1	11.742,6	791,5	75,5	5.599,0	69,1	64,8	6,3
								(%)	
<b>Galicia / España</b>	6,2	5,6	5,6	5,4	6,0	7,6			
<b>Galicia 06/05</b>	0,3	0,4	0,8	-	15,3	-	17,3	-	1,5
<b>España 06/05</b>	1,8	2,3	3,1	-	8,3	-	16,1	-	0,7

**Mulleres**

	Poboación > 16 anos	Activos	Ocupados	Parados	na procura 1º emprego	Inactivos	Taxa actividade	Taxa ocupación (%)	Taxa paro
<b>Galicia</b>	1.240,3	567,9	502,8	65,0	8,9	672,5	45,8	40,5	11,4
<b>A Coruña</b>	502,2	242,3	216,3	26,0	3,6	259,9	48,3	43,1	10,7
<b>Lugo</b>	165,3	67,7	61,5	6,1	1,4	97,6	40,9	37,2	9,1
<b>Ourense</b>	156,5	64,0	56,2	7,8	1,3	92,6	40,9	35,9	12,2
<b>Pontevedra</b>	416,4	193,9	168,9	25,0	2,6	222,5	46,6	40,6	12,9
<b>España</b>	18.874,9	9.050,7	8.005,1	1.045,7	131,2	9.824,1	48,0	42,4	11,6
								(%)	
<b>Galicia / España</b>	6,6	6,3	6,3	6,2	6,7	6,8			
<b>Galicia 06/05</b>	0,2	3,6	6,0	-	12,3	-	35,9	-	2,4
<b>España 06/05</b>	1,5	4,8	5,5	-	0,4	-	16,2	-	1,5

Fonte: INE, Encuesta de Población Activa

○ 2.1.3.

Atendendo á desagregación da poboación ocupada segundo grupos de idade, a taxa de ocupación en Galicia é similar á media estatal no caso das persoas cunha idade comprendida entre os 25 e 54 anos, sendo inferior nos outros tres grupos de idade. Mentres que a poboación ocupada masculina presenta taxas inferiores á media española, a taxa de ocupación das mulleres entre 25 e 54 anos e das maiores de cincuenta e cinco anos é superior en Galicia.

Atendendo á distribución segundo nivel de estudos, o devandito **cadro 2.1.5.** reflicte que case un terzo da poboación ocupada galega presenta un nivel de estudos de educación secundaria (primeira etapa) e que máis de tres de cada dez ocupados posúen educación superior (agás doutoramento). O número de mulleres con estudos superiores segue sendo superior ao dos homes, representando o 37,1% das mulleres ocupadas e o 27,2% da poboación ocupada masculina.

As catro provincias galegas presentan, tanto no caso dos homes coma das mulleres, unha taxa de ocupación inferior á media española, rexistrándose a taxa máis elevada en A Coruña, con



**Poboación maior de 16 anos en Galicia e España 2006: distribución segundo sexo, idade e a súa relación coa actividade económica**

	Galicia			España			Galicia / España		
	Total	Varóns	Mulleres	Total	Varóns	Mulleres	Total	Varóns	Mulleres
	(%)								
<b>Poboación de 16-19 anos</b>									
Total	105,0	53,6	51,4	1.847,5	948,9	898,7	5,7	5,6	5,7
Activos	19,5	12,9	6,6	541,1	318,1	223,1	3,6	4,0	2,9
Ocupados	15,3	11,0	4,3	384,3	242,7	141,6	4,0	4,5	3,1
Parados	4,2	1,9	2,3	156,9	75,4	81,5	2,7	2,6	2,8
na procura 1º emprego	2,5	0,8	1,7	72,2	30,8	41,3	3,4	2,5	4,1
Inactivos	85,5	40,7	44,8	1.306,4	630,8	675,6	6,5	6,5	6,6
<b>Poboación de 20-24 anos</b>									
Total	169,3	86,2	83,2	2.846,9	1.457,1	1.389,9	5,9	5,9	6,0
Activos	102,7	56,9	45,9	1.932,9	1.055,6	877,3	5,3	5,4	5,2
Ocupados	84,9	49,0	35,9	1.646,4	925,4	721,1	5,2	5,3	5,0
Parados	17,8	7,8	10,0	286,5	130,2	156,3	6,2	6,0	6,4
na procura 1º emprego	4,0	1,2	2,8	58,3	23,2	35,1	6,9	5,1	8,1
Inactivos	66,6	29,3	37,3	914,0	401,5	512,6	7,3	7,3	7,3
<b>Poboación de 25-54 anos</b>									
Total	1.205,5	600,4	605,0	20.460,5	10.396,7	10.063,8	5,9	5,8	6,0
Activos	987,1	538,2	448,9	16.783,2	9.622,1	7.161,1	5,9	5,6	6,3
Ocupados	910,8	510,7	400,2	15.516,2	9.107,1	6.409,1	5,9	5,6	6,2
Parados	76,3	27,6	48,7	1.267,1	515,0	752,1	6,0	5,3	6,5
na procura 1º emprego	6,3	2,0	4,3	72,8	21,5	51,4	8,6	9,4	8,3
Inactivos	218,4	62,2	156,2	3.677,3	774,6	2.902,7	5,9	8,0	5,4
<b>Poboación maior de 55 anos</b>									
Total	893,0	392,2	500,8	11.853,0	5.330,5	6.522,5	7,5	7,4	7,7
Activos	162,8	96,3	66,6	2.327,6	1.538,3	789,3	7,0	6,3	8,4
Ocupados	153,3	90,8	62,5	2.200,9	1.467,4	733,4	7,0	6,2	8,5
Parados	9,6	5,5	4,0	126,7	70,9	55,9	7,5	7,8	7,2
na procura 1º emprego	-	-	-	3,5	-	3,5	-	-	-
Inactivos	730,2	295,9	434,3	9.525,5	3.792,2	5.733,3	7,7	7,8	7,6
<b>Poboación &gt; 16 anos</b>									
Total	2.372,7	1.132,3	1.240,4	37.008,0	18.133,1	18.874,9	6,4	6,2	6,6
Activos	1.272,1	704,2	567,9	21.584,8	12.534,1	9.050,7	5,9	5,6	6,3
Ocupados	1.164,2	661,4	502,9	19.747,7	11.742,6	8.005,1	5,9	5,6	6,3
Parados	107,8	42,8	65,0	1.837,1	791,5	1.045,7	5,9	5,4	6,2
na procura 1º emprego	12,9	4,0	8,9	206,7	75,5	131,2	6,2	5,3	6,8
Inactivos	1.100,6	428,1	672,5	15.423,2	5.599,0	9.824,1	7,1	7,6	6,8

Fonte: IGE, Enquisa de Poboación Activa; INE, Encuesta de Población Activa

## 2.1.4.

**Poboación ocupada 2006: distribución segundo sectores económicos, situación profesional, grupos de idade e nivel de formación acadado**

	2006			Galicia/España			06/05		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
	(en miles de persoas)			(%)			(%)		
<b>Poboación ocupada</b>	661,4	502,9	1.164,2	5,6	6,3	5,9	0,8	6,0	3,0
<b>Sectores económicos</b>									
Agricultura e pesca	60,7	50,2	110,9	8,9	19,1	11,7	- 10,5	- 5,7	- 8,3
Industria	152,2	61,8	214,0	6,1	7,8	6,5	- 0,2	- 5,0	- 1,6
Construción	129,8	9,2	139,0	5,4	6,8	5,5	9,7	36,9	11,2
Servizos	318,8	381,7	700,5	5,2	5,6	5,4	0,4	9,3	5,1
<b>Situación profesional</b>									
Traballadores por conta propia	155,0	117,8	272,8	6,4	10,7	7,7	- 8,1	- 0,9	- 5,2
Empresarios ou membros cooperativa	145,7	103,8	249,4	6,3	10,9	7,7	- 5,8	6,2	- 1,2
Axudas familiares	9,3	14,0	23,3	8,6	9,0	8,8	- 33,4	- 33,8	- 33,7
Asalariados	505,8	384,9	890,7	5,4	5,6	5,5	4,0	8,7	5,9
<b>Grupos de idade</b>									
16-19 anos	11,0	4,3	15,3	4,5	3,1	4,0	15,5	- 15,2	4,8
20-24 anos	49,0	35,9	84,9	5,3	5,0	5,2	- 7,0	- 7,3	- 7,1
25-54 anos	510,7	400,2	910,8	5,6	6,2	5,9	2,2	8,3	4,8
55 e máis anos	90,8	62,5	153,3	6,2	8,5	7,0	- 3,4	2,5	- 1,0
<b>Nivel de formación acadado</b>									
Analfabetos	0,4	1,0	1,4	1,0	3,8	2,0	41,7	900,0	250,0
Educación primaria	107,6	76,2	183,7	5,3	7,5	6,0	7,9	11,2	9,2
Educación secundaria	370,3	236,4	606,6	5,9	6,0	5,9	- 0,7	- 0,7	- 0,7
Primera etapa	236,2	134,9	371,1	6,5	7,1	6,7	- 3,5	- 1,6	- 2,8
Segunda etapa	134,1	101,5	235,5	5,0	5,0	5,0	4,6	0,6	2,9
Educación superior, agás doutorado	179,7	186,5	366,1	5,5	6,2	5,9	3,0	5,2	4,1
Doutorado	3,3	2,8	6,1	3,5	6,1	4,4	- 7,6	7,7	- 1,2

Fonte: INE, Encuesta de Población Activa

## 2.1.

## 2.1.5.

**Poboación ocupada e parada en Galicia e España 2006: distribución segundo sector**

	Ocupados			Parados		
	Galicia	España	G / E	Galicia	España	G / E
<b>Total</b>	1.164,3	19.747,7	5,9	107,9	1.837,1	5,9
Agricultura e pesca	110,9	944,3	11,7	2,3	90,7	2,5
Industria	214,0	3.292,1	6,5	10,1	146,2	6,9
Construción	139,0	2.542,9	5,5	5,3	161,7	3,2
Servizos	700,5	12.968,4	5,4	42,1	706,8	6,0
Na procura 1º emprego ou deixou o seu derradeiro emprego hai máis de 1 ano				48,1	731,7	6,6

Fonte: INE, Encuesta de Población Activa

### 2.1.6.

50,8%, e a máis baixa, en Ourense, co 43,8%. No que atinxe aos homes, a taxa de ocupación está entre o 61,2% de Pontevedra e o 52,9% de Ourense, mentres que no caso das mulleres, a taxa de ocupación máis alta é a estimada en A Coruña, co 43,1%, e a máis baixa segue sendo a de Ourense, co 35,9%.

No concernte ao **desemprego**, o número medio de parados estimado pola EPA para o ano 2006 foi de 107.800 persoas, o 5,9% da poboación parada estimada para o conxunto do Estado. O devandito **cadro 2.1.6.** indica que case sesenta de cada cen parados en Galicia son mulleres, e que a importancia relativa do número de mulleres desempregadas no total estatal ascende ao 6,2% fronte ao 5,4% no caso dos homes.

Do número de persoas desempregadas en Galicia no ano 2006, as estimacións da EPA indican que 48.100 persoas (o 44,7% da poboación parada en Galicia) atopábanse na procura do seu primeiro emprego ou deixaron o seu derradeiro emprego hai máis de un ano. Comparado co estimado para o conxunto do Estado, estas persoas representan o 6,6% dos parados en España.

Por sectores produtivos, o 39,1% da poboación parada en Galicia (42.100 persoas) pertencen ao sector servizos. O desemprego medio no sector industrial ascendeu a 10.100 persoas (9,4%) e na construción, a 5.300 traballadores (4,9%). No sector primario, o desemprego medio foi de 2.300 persoas (2,1%). Atendendo á súa importancia relativa no total estatal, cómpre salientar que a industria e os servizos presentan un peso superior ao rexistrado polo conxunto da poboación parada, co 6,9% e o 6%, respectivamente.

No último ano, a taxa de paro estimada para Galicia situouse no 8,5%. A diferenza do acontecido en anos anteriores, as taxas de desemprego dos homes e mulleres galegas foi inferior á media estatal, acadando o 6,1% e o 11,4%, respectivamente (6,3% e 11,6% de media en España).

En canto á distribución segundo idades, as taxas de desemprego máis elevadas corresponden á poboación nova. Entre as persoas de 16 a 19 anos a taxa de paro acadou o 21,5% e entre os mozos con idades comprendidas entre 20 e 24 anos, o 17,4%. Entre as mulleres, as taxas de paro nestes grupos de idade situáronse en 34,2% (case vinte puntos por riba da taxa estimada no caso dos homes) e 21,7% (oito puntos por riba), respectivamente.

Se se considera a desagregación da taxa de paro segundo provincias, cómpre salientar que Lugo segue presentando unha taxa de desemprego inferior á media estatal, tanto no caso dos homes coma das mulleres. Esta situouse no 6,7%, acadando o 4,8% no caso dos homes e do 9,1% no das mulleres. Por contra, as provincias de Pontevedra e Ourense son as que presentan as maiores taxas de desemprego, cun 9,1% e 9%, respectivamente. Atendendo ao diferencial entre as taxas de paro masculinas e femininas, o devandito **cadro 2.1.6.** indica que o diferencial máis elevado corresponde a Pontevedra, con 6,7 puntos, en tanto que o máis baixo corresponde a Lugo, con 4,3 puntos.

#### • Análise da temporalidade

No ano 2006, o número de persoas asalariadas en Galicia situouse nos 890.700 ocupados, un 5,9% máis que as estimadas pola EPA no ano precedente. A diferenza do acontecido no conxunto do Estado, a taxa de crecemento dos contratos de duración indefinida está lixeiramente

**Asalariados e taxa de temporalidade 2006: distribución segundo sexo, sector e provincia**

	Contrato indefinido		Contrato temporal		Total		Taxa de temporalidade		
	Sector público	Sector privado	Sector público	Sector privado	Sector público	Sector privado	Sector público	Sector privado	Total
	(en miles de persoas)				(%)				
<b>Galicia</b>	138,7	441,5	49,8	260,7	188,5	702,2	26,4	37,1	34,9
<b>A Coruña</b>	59,7	194,3	18,6	111,8	78,3	306,1	23,8	36,5	33,9
<b>Lugo</b>	15,0	45,8	8,1	22,9	23,1	68,7	35,1	33,3	33,8
<b>Ourense</b>	19,4	44,3	8,2	22,9	27,6	67,2	29,7	34,1	32,8
<b>Pontevedra</b>	44,6	157,1	14,9	103,1	59,5	260,2	25,0	39,6	36,9
<b>Ámbolos dous sexos</b>									
<b>Homes</b>	70,0	274,2	16,9	144,8	86,9	419,0	19,4	34,6	32,0
<b>Mulleres</b>	68,8	167,3	32,9	115,9	101,7	283,2	32,4	40,9	38,7
<b>España</b>	2.126,4	8.565,0	755,8	4.760,9	2.882,2	13.325,9	26,2	35,7	34,0
<b>Homes</b>	1.119,5	5.210,7	271,0	2.712,7	1.390,5	7.923,4	19,5	34,2	32,0
<b>Mulleres</b>	1.006,9	3.354,3	484,8	2.048,2	1.491,7	5.402,5	32,5	37,9	36,7

 Fonte: IGE, *Enquisa de Poboación Activa*

### ○ 2.1.7.

por riba do estimado no caso dos contratos temporais: 6% e 5,8%, respectivamente.

Con todo, hai que resaltar o distinto comportamento experimentado no caso dos homes e das mulleres. Dunha banda, a elevada taxa de crecemento dos contratos entre as mulleres (8,7%) veu motivado polo forte incremento do número de contratos temporais, que se sitúa no 14,1% (5,5% no caso dos contratos de duración indefinida). Pola contra, os contratos de duración indefinida medraron entre os asalariados varóns un 6,3%, descendendo case un punto porcentual o número de contratos de duración temporal.

Tendo en conta a evolución do incremento do emprego asalariado no ano 2006, e a diferenza do acontecido no conxunto do Estado, a proporción de asalariados con contrato temporal en Galicia mantívose no 34,9%, porcentaxe que se atopa nove décimas por riba da media estatal. Tras o descenso da taxa de temporalidade en Galicia no caso dos varóns, esta situouse no mesmo nivel que no conxunto do Estado, 32,0%; por contra, entre as mulleres o promedio anual medrou case dous puntos, acadando o 38,7% (a media de España ascendeu ata o 36,7%).

Atendendo á distribución segundo sectores, o **cadro 2.1.7.** reflicte que no sector privado, a proporción de asalariados con contrato temporal descende tres décimas para situarse no 37,1%, 1,4 puntos por riba da porcentaxe acadada no conxunto do Estado. Por contra, a taxa de temporalidade no sector público medrou na mesma proporción, acadando o 26,4%, dúas décimas por riba do rexistrado no mercado de traballo español.

Tanto en Galicia coma en España, e tanto no sector público coma privado, as mulleres presentan unha taxa de temporalidade superior á dos homes. En ámbolos dous sectores, o ano 2006 rexistrou en Galicia un comportamento negativo da temporalidade no cao das mulleres xa que esta aumenta, a diferenza do acontecido no caso dos varóns. No sector privado, a taxa feminina de temporalidade acadou en Galicia un valor de 40,9% (6,3 puntos superior á correspondente aos homes); en tanto que no caso do sector público, a proporción de asalariados temporais situouse no 32,4%, trece puntos por riba da taxa de temporalidade masculina.

O devandito **cadro 2.1.7.** amosa que Pontevedra volve a ser a provincia coa taxa de temporalidade máis elevada, cun 36,9%, rexistrándose a máis baixa en Ourense, cun 32,8%. Atendendo á distribución segundo sector, as proporcións de asalariados temporais máis elevadas acadáronse, no caso do sector privado, en Pontevedra, cun 39,6%, en tanto que no caso do sector público, a proporción máis elevada produciuse en Lugo, cun 35,1%.

### Datos rexistrados nas oficinas de emprego da Xunta e do INEM

O número de persoas paradas rexistradas nas oficinas de emprego de Galicia o último día de cada mes descendeu ao longo do ano 2006 (en media anual) en case once mil persoas, aca-

**Paro rexistrado en Galicia e España 2005-06 (1): distribución segundo sector económico**

2005						
	Agricultura e Pesca	Industria	Construción	Servizos	Sen emprego anterior	Total
<i>(en miles de persoas)</i>						
<b>Galicia</b>	4.938	27.602	18.896	95.293	25.342	172.071
A Coruña	1.699	10.852	8.147	38.607	10.339	69.644
Lugo	498	1.900	2.122	10.326	2.534	17.380
Ourense	536	3.520	2.741	11.413	3.067	21.277
Pontevedra	2.205	11.330	5.886	34.947	9.402	63.770
<b>España</b>	59.353	298.567	231.438	1.254.848	225.648	2.069.854
<b>Galicia / España (%)</b>	8,3	9,2	8,2	7,6	11,2	8,3
2006						
	Agricultura e Pesca	Industria	Construción	Servizos	Sen emprego anterior	Total
<i>(en miles de persoas)</i>						
<b>Galicia</b>	4.919	25.485	16.651	90.684	23.539	161.278
A Coruña	1.686	10.390	7.007	37.082	9.345	65.510
Lugo	528	1.718	1.859	9.476	2.565	16.146
Ourense	574	3.249	2.516	11.055	2.894	20.288
Pontevedra	2.131	10.128	5.269	33.071	8.735	59.334
<b>España</b>	63.753	286.696	222.215	1.242.365	224.385	2.039.414
<b>Galicia / España (%)</b>	7,7	8,9	7,5	7,3	10,5	7,9

(1) medias anuais

(2) Tendo en conta o cambio metodolóxico aplicado dende maio de 2005, os datos dos catro primeiros meses de 2005 son simulados  
Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do INEM

## 2.1.8.

dando as 161.278 persoas desempregadas (o 7,9% do paro rexistrado de media en España). Esta caída reflicte o bo comportamento do paro rexistrado en comparación co conxunto do Estado, dado que este se reduce un 6,3% en Galicia en relación ao ano anterior fronte ao 1,5% de media en España. A devandita caída produciuse nas catro provincias galegas e en todos os sectores considerados.

En termos relativos, a provincia de Lugo volve a ser a que presenta o maior descenso, cunha caída do 7,1% respecto ao ano anterior, por diante de Pontevedra, cun 7%, e A Coruña e Ourense, cun 5,9% e 4,6%, respectivamente. Tras esta evolución, A Coruña segue sendo a que acolle o maior número de parados rexistrados, con 65.510 persoas, fronte ás 59.334 persoas en Pontevedra.

Atendendo á distribución sectorial, o sector servizos acolle a máis da metade dos desempregados rexistrados en Galicia (o 56,2%), fronte ao 15,8% do sector industrial, sendo estas porcentaxes do 60,9% e 14,1%, respectivamente, no conxunto do Estado. Asemade, cómpre salientar o diferente peso relativo do colectivo “sen emprego anterior”, que, tras unha caída tanto en Galicia coma no conxunto do Estado, representa o 14,6% dos desempregados rexistrados en Galicia fronte ao 11% en España.

As catro provincias galegas presentan unha caída do número de desempregados nos sectores industrial, construción e servizos. Por contra, mentres que o sector primario experimenta en Lugo e Ourense un lixeiro incremento do número de desempregados, nesta última provincia a medra prodúcese tamén no caso do colectivo sen emprego anterior.

O número medio de **demandas de emprego** rexistradas nas oficinas do INEM volveu a descender no ano 2006, acadando os 208.089 demandantes (media anual calculada a partir dos datos correspondentes aos doce meses do ano), un 3,3% inferior (12.442 demandas menos) ás rexistradas no ano precedente. Destas, 161.278 persoas son demandantes parados (un 6,3% menos que no ano 2005) e 46.811 persoas, demandantes non parados (descende un 3,4% en relación ao ano anterior). Coma indica o **cadro 2.1.9.**, o número de demandantes de emprego non

**Demandas de emprego rexistradas en Galicia e España 2005-06**

	2005			2006			06/05	
